

Participación ambiental a partir de afeccións: o caso do CEA Polvoranca *Environmental participation: the case of CEA Polvoranca*

Pepe Astasio e Pablo Llobera. Centro de Educación Ambiental Polvoranca (España)

Resumo

Este artigo pretende mostrar e sistematizar os distintos procesos de participación ambiental iniciados desde o Centro de Educación Ambiental Polvoranca (Leganés, Madrid), procesos abertos coa poboación local, visitantes asiduos do parque periurbano onde se atopa este equipamento ambiental. Entendemos que, aínda que “cada proceso participativo é único, singular e irrepetible”, a súa divulgación –indagando na orixe, tendencias, pistas e interioridade– pode servir para achandar o camiño a outras iniciativas similares. Esa é a nosa intención ao escribirmos estas liñas, así que bo proveito!

Aínda que o programa do Centro ademais contempla a intervención para influír na xestión do Parque e, alén diso, está implicado noutros procesos sobre todo vinculados ao pobo de Leganés, non se desenvolverán en profundidade.

Abstract

This article has the intention of showing the different process of environmental participation at Centro de Educacion Ambiental Polvoranca (Leganes, Madrid). These processes are available to the local population who regularly visit this suburban park, which is home to the environmental equipment. Even though, each participative process is unique and singular in terms of origin, tendencies and traces, it can help to reach other similar initiatives. That is our intention in writing these lines, so enjoy it!

In addition to this programme, the Centre contemplates participation as an influence on Park management, which will collaborate in other processes linked to the town of Leganes.

Palavras chave

Participación, procesos, parque periurbano, xestión dun Parque

Key-words

Participation, process, suburban park, management Park

O Centro de Educación Ambiental Polvoranca: un equipamento educativo nun parque periurbano

O Centro de Educación Ambiental Polvoranca é un equipamento pertencente á Rede de Centros de Educación Ambiental da Consellaría do Medio, Vivenda e Ordenación do Territorio da Comunidade de Madrid e foi inaugurado en maio de 1997, aínda que o programa piloto data de setembro de 1996. O Parque Polvoranca, inaugurado á súa vez en 1992, é un excelente expoñente de parque periurbano, grande espazo verde (150 Ha) onde se conxugan e integran a realidade natural (regueiro e lagoas), histórica (ruínas do poboado de Polvoranca), coa realidade urbana circundante (zonas residenciais, autovías, polígonos industriais etc.). Alén diso, o Parque alcanza aínda maior relevancia educativa grazas ás dezaseis áreas temáticas entre as que destacan o Arboreto de cidade, o xardín de aromas, o xardín de rochas, o parque botánico, a parcela de vexetación madrileña, a vexetación de ribeira e o observatorio de aves. Todo isto converte o lugar nun interesante e atractivo mosaico de zonas húmidas, ecosistemas naturais e xardíns, para os máis de medio millón de habitantes que residen nun radio inferior a 10 kms (Leganés, Alcorcón e Fuenlabrada).

Participación ambiental a partir de afeccións

Tanto o Libro Branco da Educación Ambiental, como recoñecidos autores sobre o tema, caso de Paco Heras, propoñen un modelo de participación baseado, xa desde o punto de partida, na resolución de conflitos (socioambientais). En resumo, estaríamos ante procesos onde as persoas se agrupan para resolveren problemas. Este modelo explica bastante ben a xénes e desenvolvemento dos movementos conservacionistas, ecoloxistas e mesmo veciñais e cidadáns. A case ninguén se lle escapa que estes colectivos están formados maioritariamente por persoas cun perfil determinado –persoas concienciadas cos problemas do seu arredor, implicadas e comprometidas en iniciativas de grupo, con experiencia asociativa ou comunitaria previa etc.

Unha boa pregunta que pode xurdirnos nos centros de EA é como podemos poñer en marcha iniciativas participativas desde os nosos centros cando eses perfís escasean entre quen nos visita e mesmo entre os nosos equipos.

Desde o CEA Polvoranca constatamos a posibilidade de propiciar a participación ambiental partindo “sinxelamente” de afeccións ou inquietudes persoais (por exemplo, ornitología, fotografía e vinculación á terra e aos seus labores), e con

persoas que carecen de experiencia en grupo ou comunitaria previa. A participación non é unha vara máxica ao alcance duns poucos privilexiados e expertos, senón unha ferramenta educativa ao alcance de quen queira facer uso dela. Se non sabemos comezar ao grande e pola vía directa (léase participar para resolver problemas ambientais), haberá que facelo ao pequeno e pola vía lenta (léase participar para compartir unha afección). Pensamos que partindo deste inicio por afeccións se poden alcanzar, a medio prazo, procesos participativos relevantes, se se dan dúas circunstancias:

1. Conseguir, mediante unha atinada dinamización do grupo, que este evolucione, primeiro cara a un espazo de encontro (amizade), despois, aínda que solapándose co primeiro, cara a un espazo de traballo en común (compartir tarefa) e, finalmente, cara a un grupo que comparta uns valores comúns ou ideoloxía (comunidade). A evolución e madureza do grupo pode reflectirse nesta dinámica: amizade-tarefa-valores.
2. Ir canalizando a afección ou centro de interese común cara a cuestións socioambientais relevantes. Trátase de propiciar un salto desde a afección persoal cara á resolución en grupo de conflitos ambientais. Case nada!

Si, si, todo isto está moi ben, mais como se pode facer iso? Ben, se no voso centro se dan as seguintes condicións ou premi-

sas de partida, é posible que as reflexións seguintes sirvan para iluminar as vosas propias iniciativas participativas:

Premisas de partida

1. PROXIMIDADE DO EQUIPAMENTO Á CIDADANÍA

O centro de EA atópase nunha paraxe atractiva que é frecuentada pola cidadanía e constitúe para os visitantes un equipamento de proximidade xa que unha porcentaxe importante reside a menos de 10 kms.

2. DISPOÑIBILIDADE DE TEMPO COS VISITANTES

O labor de atención en mostrador ou portelo (ferramenta de información) permite, normalmente, conversar relaxadamente, polo menos, 10-15 minutos con quen nos visita. Isto é, que a afluencia permite conversas indagatorias (orixe, afeccións e gustos, motivos e periodicidade das visitas, centros de interese vital...).

3. HORIZONTE DE TRABALLO DO CENTRO

O centro de EA aposta pola participación como unha ferramenta esencial de traballo coa cidadanía, é dicir, cre nela, vívea, non lle resulta unha incómoda imposición externa, senón unha motivación intrínseca e un xeito de evolución persoal e profesional.

FASE 1 - Detección de intereses

Os educadores, no noso papel de informadores, debemos practicar co visitante unha escoita activa, atenta, deixalo/a falar e expresarse, preguntarlle pola súa relación e motivacións co espazo visitado. Hai que inverter o estereotipo a través do cal a persoa que nos visita pregunta e o/a informador/a responde. O modelo é outro onde quen informa responde e, alén diso, continúa con preguntas, de forma que vaia caracterizando os intereses, motivacións e afeccións da persoa que nos visita. Hai que practicar a pedagogía da pregunta proposta polo construtivismo: o/a informador/a pregunta para coñecer a persoa visitante (de aí o anteriormente apuntado como “conversas indagatorias”). Se estas persoas visitan o lugar con certa regularidade e/ou viven preto, podemos pedirllas permiso para tomar os seus datos nunha sinxela ficha que inclúa nome, enderezo postal, teléfonos de contacto, correo electrónico, afeccións e inquietudes etc, pedirllas a súa conformidade para seren convocados en caso de xurdiren persoas con intereses afíns (isto é, buscar masa crítica).

O modelo proposto aseméllase –permítansenos o similar– a unha axencia matrimonial, coa particularidade de que aquí é o equipo o que lles propón ás persoas que nos visitan a posibilidade de formaren parte

dun grupo específico e iniciaren, así, unha relación de grupo. O persoal educador do equipo, á súa vez, debe debater cales son as vocacións, inquietudes e afeccións que, tanto o espazo como o centro, esperan entre os/as visitantes e usuarios/as.

FASE 2 - Primeiras convocatorias

O obxectivo é que aquelas persoas que presentan inquietudes comúns se coñezan e se agraden. A consigna é propiciar un clima de entendemento. Resulta imprescindible usar dinámicas de presentación e coñecemento de grupos, priorizar os aspectos lúdicos e de convivencia.

É interesante abrir foros onde os membros poidan mostrar os logros individuais que conseguiron nesa afección ou materia até ese momento, vendo desde onde partiu cada un (incluíndo o equipo educativo como promotores da iniciativa). Poden organizarse proxeccións audiovisuais, exposicións temporais, sesións de demostración etc... Son moi interesantes as actividades que propicien o coñecemento, a convivencia e o achegamento: excursións (espazos naturais, outros equipamentos educativos), xornadas sobre a afección en cuestión, visitas de grupo a exposicións sobre o tema, comidas de grupo, videoforum sobre o tema...

FASE 3 - Desenvolvemento do grupo

As primeiras reunións irán decantando as persoas con máis disposición e realmente interesadas no grupo, de modo que non hai que se desanimar se se perden integrantes durante o proceso. Haberá que tentar elaborar un plano de traballo e un calendario consensuado entre todos e todas. Hai que decidir que e como queremos e podemos facer: investigación, divulgación, voluntariado...

En todo caso, o grupo ten que se formular metas (tanto cara dentro como cara ao seu ámbito), aínda que é normal que os logros e resultados sexan modestos ao principio... O labor do persoal educador nesta fase será preparar e moderar as reunións,

detectar e promover os posibles líderes naturais, darles resposta ás necesidades formativas que vaian xurdindo, e, en todo caso, ir favorecendo progresivamente a autonomía e madureza do grupo. Para conseguilo pódese propiciar o traballo por comisións, a distribución de responsabilidades, a organización de sesións formativas ou cursos específicos, a rotación na preparación de actividades e na moderación das reunións etc.

Despois de ollar esta sorte de receita que poderíamos chamar “Guiso da participación a partir de afeccións ás finas herbas de Polvoranca”, tomade o que sirva, elimínade o que vos sobre, criticade o que vos desguste, incorpore o que gustedes... e se dades con algo saboroso difundide a vosa magnífica receita.

PASOS	FERRAMENTAS	OBSERVACIÓNS
FASE 1 Detectar inquietudes e afeccións	Información (mostrador, portelo, exposicións) Actividades de fin de semana	Educadores/informadores en escoita activa ou conversas indagatorias Modelo axencia matrimonial Elaborar base de datos de visitantes/usuarios
FASE 2 Primeiras convocatorias	Dinámicas de coñecemento do grupo Facilitación e animación de actividades específicas	O persoal educador anima, acompaña e dinamiza Tratar de canalizar as afeccións cara a cuestións socioambientais relevantes Propiciar a amizade e convivencia: visitas formativas, excursións a outros CEA etc.
FASE 3 Desenvolvemento do grupo	Dinámicas de grupos Proporcionar formación Ofrecer asesoramento Facilitación ecolóxica (na liña proposta por Pere Subirana)	Propiciar os liderados positivos dentro do grupo Elaborar un plano de traballo (“poñer tarefas”) Asegurar a relevancia socioambiental da tarefa central do grupo Detectar necesidades formativas

Cadro 1: Fases de “participación a partir de afeccións” e papel dos/as educadores/as ambientais

SEO-VANELLUS
<p align="center">FASE 1</p> <p align="center">Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións</p> <p>Desde 1997 hai persoas que pasan polo centro a notificar os seus avistamentos ornitolóxicos. Tómanse os seus datos. O centro elabora unha listaxe provisoria onde estes afeccionados van engadindo as súas recensións e anotacións. Esta apertura e intercambio permite a identificación de novas persoas interesadas na ornitología.</p>
<p align="center">FASE 2</p> <p align="center">Primeiras convocatorias</p> <p>En 1999 convócase os/as afeccionados/as (uns 25) e decídese realizar de xeito coordinado un inventario científico: malla SACRE (Seguimento Aves Comúns Reproductoras España).</p>
<p align="center">FASE 3</p> <p align="center">Desenvolvemento do grupo</p> <p>En 2001 o grupo decide converterse en grupo local da SEO. Desde aquela é un grupo autónomo que se coordina para usar o Centro como base de actividades: paseos guiados, ciclos de conferencias, proxeccións, censos e anelamentos científicos, exposicións, excursións formativas... Son 15 persoas. O Centro colabora estreitamente con eles na edición de diverso material divulgativo sobre aves. Forman parte do Consello Sectorial do Medio de Leganés e do Consello do Parque Rexional do Sureste. Son o grupo local máis activo de SEO-Madrid.</p>

Cadro 2: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). SEO-VANELLUS

MAIORES TIERNO GALVÁN: A RELACIÓN COA TERRA
<p align="center">FASE 1</p> <p align="center">Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións</p> <p>Varios centros de maiores de Leganés realizan unha (clásica) plantación popular no parque en marzo de 2000.</p>
<p align="center">FASE 2</p> <p align="center">Primeiras convocatorias</p> <p>O grupo de maiores Tierno Galván (15 persoas), estimulado pola súa animadora social, propónse coidar e manter a parcela plantada. Desde o outono do 2000 acoden á súa parcela para coidala (sacha e desherbamento, poda de formación, realización de gabias); no verán organizanse quendas de rega quincenais.</p>
<p align="center">FASE 3</p> <p align="center">Desenvolvemento do grupo</p> <p>O grupo colabora no mantemento da parcela que plantaron e vana ampliando sucesivamente (plantan xunto á parcela forestal outra con especies aproveitables polos seus froitos: sabugueiros, marmeleiros, cerdeiras, figueiras, abruñeiros). Ano tras ano a súa implicación na parcela decrece por saúde, idade e clima, aínda que se realizan actividades como varear as oliveiras do parque para dispor de olivas ou a recollida de abruños para elaborar pacharán. En paralelo medra a súa implicación no barrio: coidan unha leira no seu Centro, colaboran coa ludoteca infantil, colaboran na emisora local e na axendas 21. O grupo vaise renovando e mantense nun núcleo permanente de 15 persoas.</p>

Cadro 2: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). Maiores Tierno Galván: a relacións coa Terra

FOTOPOLVORANCA
<p align="center">FASE 1 Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións</p>
Desde 1998 o Centro organiza un certame de fotografía no outono-inverno.
<p align="center">FASE 2 Primeiras convocatorias</p>
En 2002 convócanse ás persoas participantes dos certames e propónselles organizar conxuntamente un maratón ou rallye fotográfico. Comeza así, con 25 persoas, a andaina do grupo FotoPolvoranca.
<p align="center">FASE 3 Desenvolvemento do grupo</p>
O grupo organizou dous maratóns fotográficos en 2002 e 2003 e retomaron a organización do Certame desde a 9ª edición. Realizaron as reportaxes fotográficas que ilustran o calendario do Centro desde 2004 e colaboran habitualmente en moitas das súas actividades. Son 7 persoas.

Cadro 3: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). Fotopolvoranca

HORTELANOS
<p align="center">FASE 1 Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións</p>
En abril de 2005 créase unha horta como novo e atractivo recurso para seguir favorecendo o achemento dos visitantes ao Centro e ao programa.
<p align="center">FASE 2 Primeiras convocatorias</p>
O primeiro ano de andaina permite contar coa implicación de doce-quince persoas con quen comeza a dársele á horta un claro compoñente colectivo-comunitario.
<p align="center">FASE 3 Desenvolvemento do grupo</p>
Desde o verán de 2006 a horta mantense en estreita colaboración cun grupo asiduo e realízase unha asemblea hortelá trimestral para avaliar e organizar. Son 12 persoas.

Cadro 4: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). Hortelanos

AFECCIONADOS Á XARDINARÍA
<p align="center">FASE 1 Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións</p>
No outono de 2006 inaugúrase o Xardín Colectivo como novo recurso para poder traballar regularmente con persoas afeccionadas á xardinaría.
<p align="center">FASE 2 Primeiras convocatorias</p>
Desde o inverno de 2007, aínda que cun resultado desigual e irregular, convócanse unha vez cada dous meses ás 8-10 persoas interesadas en manteren o xardín.
<p align="center">FASE 3 Desenvolvemento do grupo</p>

Cadro 5: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). Afeccionados á xardinaría

VIVEIRISTAS	
FASE 1	
Detectar inquietudes, centros de interese e afeccións	
Na primavera de 2007 e a partir da proposta de dous mozos, danse os primeiros pasos na creación dun viveiro de planta forestal.	
FASE 2	
Primeiras convocatorias	
Está pendente convocar media ducia de persoas interesadas nos viveiros para realizarmos unha actividade conxunta e lanzarmos o seu mantemento de xeito colectivo e educativo.	
FASE 3	
Desenvolvemento do grupo	

Cadro 6: CEA Polvoranca: grupos de participación ambiental a partir de afeccións (1997-2008). Viveristas

Pola nosa parte, seguimos a cociñar novos guisos participativos: desde 2005 hai un club de amig@s do programa educativo que aglutina todos os grupos anteriores e cos cales saímos, fretando un autocar, dúas veces ao ano para coñecermos outros centros educativos e bisbarras da nosa Comunidade, o cal serve para confraternizar entre os distintos grupos. Ademais, desde 2006 funciona, un sábado ao mes, un club infantil “Lebres e mouchos” que é unha escola de participación ambiental para os máis cativos (de 9 a 13 anos).

Aínda que toda a experiencia anterior poida servirnos, os máis avezados xa imaxinaredes que impulsarmos a participación é como cociñar sen receita: en ambos os casos pódeseos queimar o guiso, mais se se elixen bos ingredientes (Fase 1) e se mima e coída a cocción (Fase 2), tamén se poden obter resultados orixinais, saborosos e nutritivos (Fase 3).

Epílogo. Algunhas claves de acerto e algunhas reflexións para a mellora

- O papel do equipo. Por unha banda, a experiencia e formación persoal en diversos ámbitos da participación: movemento ecoloxista, scouts e guías, movemento feminista, ONG vinculadas ao desenvolvemento etc. Pola outra, manter unha actitude de escoita baseada na empatía e a pregunta aderezada cun papel de dinamizador, facilitador, animador, e acompañante das iniciativas e posibilidades que se foron presentando.
- Todos somos protagonistas e sentímonos representados: persoas implicadas, grupos formados, equipo educativo, administración promotora, empresa xestora... Nun proceso de participación ambiental non hai un público destinatario, receptor unidireccional do programa, senón protagonistas dun proceso no cal, para que teña éxito, todos deben participar e facer que

as relacións entre eles sexan válidas e que cada un avance e se desenvolva no seu ámbito e con relación aos outros (Marco MARCHIONI). De feito, no parque, a iniciativa para que se forme cada un destes grupos non partiu unicamente do CEA, senón tamén dos distintos particulares e grupos. Alén diso, e quizais isto é o máis importante, no proceso de concreción das distintas iniciativas, buscou a implicación de todos os actores e, en especial, tanto a administración autonómica (promotora do Centro) como a empresa adxudicataria, se sentiron involucrados construtivamente, ao iren incorporando ao proceso participativo os seus puntos de vista e achegas. En honra á verdade cómpre dicir que todo este despregamento quizais foi posible porque todas as iniciativas non abordaron directamente temas ou cuestións de xestión ou de poder.

- O elemento motivador esencial que aproveitamos para desenvolver as distintas iniciativas foron as afeccións (fotografía, ornitología, xardinaria, horticultura...) e a inquietude por facer algo relacionado co medio (grupo de maiores, club de amigos). Por tanto, non foi o afán por solucionar problemas ambientais o que foi enganando na xente, en principio foi unha motivación “egoísta” e persoal, que se foi transformando nunha inquietude e iniciativa de grupo “altruísta”, e na procura de obxectivos educativos, divulgativos, reivindicativos e de defensa e conservación do medio.
- Pasar á acción desde o primeiro día.

Parecíanos importante que desde o primeiro día as persoas que se implicaban pasasen a realizar actividades con resultados prácticos a curto prazo e que fosen xerando novas inquietudes, preguntas e iniciativas. Desde a contaxe de aves, a realización dun certame de fotografía, coidar e plantar unha parcela, participar no deseño dun xardín son algúns dos exemplos prácticos. Máis tarde quizais aparezan motivacións máis transcendentais ou ideolóxicas, ou a proposta de actividades ou iniciativas con planificación a medio e longo prazo.

- Pasar de animar e dinamizar a facilitar. A presenza do equipo foi intensa nos primeiros momentos dos distintos grupos facendo un papel de dinamizadores e animadores. Unha vez que se van canalizando relacións e procesos, o equipo fórmulase ir desaparecendo paseniñamente e ir adoptando un papel de facilitadores no sentido de que son estes grupos os que toman autonomamente as súas decisións, mais desde o equipo apóianse cuestións metodolóxicas, loxísticas, recursos materiais e económicos, formación... Así aconteceu coas persoas afeccionadas á ornitología e está a acontecer coas dedicadas á fotografía e á horticultura.
- Os conflitos como ferramenta educativa. Nestes anos producíronse tamén desacordos e problemas que se trataron de resolver educativamente. Algún desembocou en ruptura de relacións persoais e de colaboración: diverxencias na fi-

nalidade da colaboración, falta de entendemento en aspectos organizativos, linguaxes distintas, perspectivas atopadas sobre a afección como un medio ou como un fin en si mesmo...

- A postura do equipo educativo, sobre todo nos conflitos, é que a afección é un medio, un medio ou un recurso educativo, un bo pretexto para propiciar o agrupamento; non debe converterse un fin en si mesma, o verdadeiro fin é o desenvolvemento do grupo. En palabras dunha das fotógrafas, Carolina Montañés, tras a “crise dos calendarios 2006”, que resultaron ter unha calidade fotográfica inferior á esperada: “custa pouco facer ou encontrar boas fotos, custa bastante máis atopar un grupo co que aprender fotografía”. Ese é exactamente, ao noso parecer, o enfoque desexable nos grupos, o quid da cuestión de “participar a partir de afeccións”.
- Público destinatario ou protagonistas do proceso? Nun proceso de participación ambiental non hai un público destinatario, receptor unidireccional do programa,

senón protagonistas dun proceso en que, para que teña éxito, todos e todas deben participar e facer que as relacións entre eles sexan válidas, e que cada un avance e se desenvolva no seu ámbito e con relación aos outros. De feito, no Parque, a iniciativa para que se formase cada un dos grupos non partiu unicamente do Centro, senón tamén dos distintos particulares e grupos como se indica no Cadro 7.

En todo o proceso estiveron presentes o equipo educativo do Centro, a empresa (os programas dos centros están xestionados por empresas logo de adxudicación en concurso público), a Consellaría do Medio como promotora e directora dos programas e mais a Consellaría de Xustiza e Administracións Públicas que realiza o mantemento do Parque.

- Da afección persoal á intervención en grupo no Parque e fóra del. En todos os casos produciuse un paso da afección “individual” a ir canalizando coñecementos, accións e actitudes cara á divulgación, á educación e á intervención

GRUPO/TIPOLOXÍA	INICIATIVA
Afeccionados/as ás aves	O Centro cataliza (adianta) a formación dun grupo de afeccionados/as á ornitoxía, abundantes neste espazo
Persoas maiores	O Centro de Maiores busca continuar unha actividade que fora organizada polo Centro
Afeccionados/as á fotografía	Impulsado polo Centro a partir da abundante participación de fotógrafos en certames
Horta e xardín colectivo	Impulsados polo Centro a partir dun concurso de ideas organizado polo Centro
Público en xeral	Do Centro de Educación Ambiental

Cadro 7: Actividades segundo o grupo de destinatarios

na mellora ambiental do Parque e outras zonas de influencia destes grupos.

- Dunha serie de persoas dispersas afeccionadas ás aves a un grupo local de SEO-Vanellus dos máis activos do Estado: actividades divulgativas, educativas, de denuncia, publicacións...
- Dun grupo de persoas xubiladas facendo as súas actividades e coidando unha parcela no Parque, a promover e colaborar no seu barrio unha horta na ludoteca, un obradoiro ambiental no Centro...
- Duns fotógrafos que participan en certames a formar grupo, poñer a súa arte fotográfica ao servizo do Centro, organizar actividades e exposicións...
- Duns afeccionados á horticultura e á xardinaría a participar nun concurso de ideas para planificar, executar e manter unha horta e mais un xardín colectivo.
- Xestionar a incerteza: os procesos participativos, e así o vivimos en Polvoranca, están cheos de incertezas. Un dos elementos que caracterizan as sociedades humanas é a procura de seguridades: seguridade persoal, alimenticia, política, educativa... Por que daquela a participación ten ese aroma tan intenso a incerteza cando desde todos os foros se lle recoñece con gran seguridade como unha gran ferramenta para a construción de solucións aos problemas? Quizais todos e todas teñan a experiencia de comezar ou mudar de traballo, o paso da educación infantil á secundaria ou á universidade, a nosa primeira moza ou mozo... Todas estas situacións, ao seren

novas xéranos incerteza. A participación é algo “novo” na sociedade española e xéranos incerteza sobre o proceso e o que se poderá ou non conseguir con ela. Se non nos identificamos co lado negativo e paralizador da incerteza, e a imos xestionando como un elemento vivo que nos formula preguntas e respostas, camiños, sorpresas... iremos avanzando e medrando construtivamente. Nos procesos participativos non podemos aventurar respostas concretas e resultados seguros, avanzamos camiños sobre a construción de resultados.

- O equipo participa!!!: pouca credibilidade teríamos se impulsásemos iniciativas de participación, mais o propio equipo non fose á súa vez disposto, xeneroso, participativo. Desde 2005 o equipo implícase activamente en órganos consultivos como o Consello Sectorial do Medio de Leganés e mais na elaboración da Axenda Local 21 do devandito municipio (2007). Ademais, colabora desde 2005 co persoal que xestiona o Parque, coa pretensión de mellorar no uso público do parque e tamén nas áreas de xestión tan sensibles como a recolla de residuos. Múltiples encontros e desencontros con estes temas lémbrennos algo tantas veces lido mais tan poucas veces experimentado (e non será polas nosas ganas): “a educación ambiental é unha das mellores ferramentas que poden poñerse ao servizo da xestión”. Por que, daquela, é tan difícil que os xestores a consideren realmente en serio?